



Anxos Sumai

Catoira 1960.

Documentalista, tradutora e escritora. Nos anos oitenta e noventa colaborou en distintas publicacións periódicas e libros colectivos, realizou guiños para banda deseñada (revistas *Valium diez* e *Das capital*) e escribiu letras de cancións. Obtivo o premio Novos Valores da Narrativa Galega (1985) e o segundo premio no concurso Modesto R. Figueiredo de Narración Curta (1986).

Dende o ano 2001 desenvolve a súa actividade literaria no portal www.culturagalega.org, coas seccións semanais "Anxos e díaños" (2002), "Anxos da garda" (2003-2005) e "Crítica da memoria pura" (2006). Colaborou na Revista *Guía dos Libros Novos* coa sección fixa "Hemisferio Oeste" (2003-2004) e durante o ano 2006 foi colaboradora literaria semanal do programa *Diario Cultural* da Radio Galega. Entre os traballos de tradución destacan os *Diarios* de Syra Alonso e *Tres tempos e a esperanza* de Mariví Villaverde.



Como narradora publicou *Anxos da garda* (A Nosa Terra, 2003) e *Melodía de días usados* (Galaxia, 2005). Participou en libros colectivos como *Pano de Lona* (Arquivo Pacheco, 2005), *Fisuras no cotián. Nove narradoras no relato de Xénero* (Casa da Parra, 2006); publica artigos e relatos en distintas revistas e xornais (*Galicia Hoxe*, *La Voz de Galicia*, *Abril*, *Interea*, *Praza das Letras*, etc.) Colabora coa compañía Teatro de Ningures co texto *Deus está de vacacións*, para a montaxe da obra *Emigrados* (2007).

En 2004 recibiu o Premio da Crítica de Galicia pola obra *Anxos da garda*. En abril de 2007 recibe o Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo Literario e de Opinión polas seccións "Perigosamente normais" do *Diario Cultural* da Radio Galega e "Crítica da memoria pura", publicada en culturagalega.org. En outubro de 2007 recibe o premio Repsol YPF de Narrativa Breve pola novela *Así nacen as baleas* e o Premio á Autora do Ano concedido polos membros da Asociación Galega de Editores.

Actualmente traballa como documentalista no Consello da Cultura Galega.

Premio de Narrativa Arcebispo San Clemente "A novela de Anxos Sumai presenta problemas duros de forma inocua"

Deste xeito valora Alberte Regueira "Así nacen as baleas", obra premiada polo xurado do que el formou parte.

Onte coñeceuse o fallo do XIV Premio Arcebispo Juan de San Clemente, tras a habitual deliberación final que realizan os distintos xurados de cada categoría. Na modalidade de novela galega *Así nacen as baleas* de Anxos Sumai gañou por un voto de diferenza (cinco a catro) fronte a *Mentres a herba medra*, de Xesús Rábade Paredes, ao tempo que a terceira obra barallada, *Cardume*, de Rexina Veiga, obtiña só un voto.

Este premio ten unha significación especial para os escritores, pois caracterízase por outorgarlle o protagonismo aos estudantes como membros do xurado. Séntense desta maneira premiados directamente polos lectores e iso, segundo a gañadora, Anxos Sumai, "é a maior recompensa para un escritor". A autora de Catoira amosou a súa satisfacción coa nova: "é o premio máis bonito e que sexan estudantes faino aínda máis fermoso porque ves que a novela se está lendo".

O certame, organizado polo [Instituto Rosalía de Castro](http://www.instituto-rosalia-de-castro.es) de Santiago, establece tres modalidades, novela galega, castelá e estranxeira, e nomea un xurado de dez persoas para cada unha. Para tal efecto o centro compostelán convida a participar a outros catro institutos do país, elixidos ao chou, que este ano foron o [Camilo José Cela](http://www.camilojosecela.es) de Padrón, o [Nosa Señora dos Ollos Grandes](http://www.nosa-señora-dos-ollos-grandes.es) de Lugo, o [Pintor Colmeiro](http://www.pintor-colmeiro.es) de Silleda e o [Lauro Olmo](http://www.lauroolmo.es) do Barco de Valdeorras.



Alberte Regueira López é un deses alumnos que formou parte do xurado para o premio de novela galega, unha experiencia que avalía como "interesante porque non é habitual participar en xurados con 18 anos e porque podes ver como funcionan". Resume o veredicto final do seu grupo dicindo que *Así nacen as baleas* "está moi ben escrita e presenta problemas moi duros de forma inocua".

No tocante á empatía dos lectores mozos e mozas coas personaxes da súa novela, Anxos Sumai pensa que quizais "o que máis lles guste é a Nena e tamén Ramón (o irmán), que eu quero moito e que a eles lles pode resultar entrañable". A trama da novela parte do regreso circunstancial da protagonista á casa familiar e encaixa cuns lectores que están precisamente no momento vital previo, de desprendemento. A escritora pensa que aí reside o valor que os alumnos lle deron á novela, pois o que caracteriza á protagonista é a súa independencia, "a súa capacidade para iniciar unha vida fóra da familia".

As palabras da escritora case coinciden co que nos contou Alberte, que considera a parte da infancia da protagonista unha das mellores da obra. Destaca o xeito "idílico e case fantástico na narración da nenez, que á vez inclúe os problemas familiares". Por outra banda, anota unha identificación xeral coa protagonista "polo rango de idade e pola rebeldía que amosa ao fuxir da casa, dun ambiente asfixiante, un sentimento máis ou menos forte, pero que sempre está presente na xente da nosa idade".

Así nacen as baleas é unha novela centrada en personaxes femininos, pero a autora non pensa que iso repercutise nas votacións. "Non inflúe que o xurado fosen mozos ou mozas, senón os gustos de cada quen e a novela de Rábade Paredes está moi ben", sinalou, consciente da dura competencia. Engadiu: "É estraño o que está pasando coa miña novela, pois entre os adultos tamén se están dando lecturas moi distintas, uns ven un relato angustioso e outros unha historia de liberación, chea de luz". Pensa que o seu texto ten boa acollida entre os estudantes porque "é unha novela de sentimentos, na que se poden ver reflectidos", ademais a súa linguaxe, segundo ela mesma, "é áxil e lixeira" e iso faina accesible. Así e todo, afirma que durante o proceso de creación nunca se cuestiona quen vai ser o lector, "penso en min, no que quero contar e en como o quero contar, primeiro fago unha proposta e logo chega o lector".

As baleas de Anxos Sumai

A cabo de chegar da Coruña onde hoxe mesmo, mércores, día 12 de setembro, o xuri do Premio de Narrativa Breve Repsol 2007, do que formei parte, decidiu concederlle o galardón a Anxos Sumai (Catoira 1960, licenciada en Historia). É este un premio con pouca andadura, pois vai na súa segunda edición, pero promete converterse nunha referencia literaria anual, toda vez que a entidade convocante, xa de seu unha firma ben solvente, conta, convenio mediante, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e coa experiencia e veteranía da Editorial Galaxia, encargada da edición do libro premiado.

Anxos Sumai é ben coñecida por un amplo público que gustou moito dos seus escritos diarios en culturagalega.com do Consello da Cultura Galega e polos libros *Anxos de garda* (A Nosa Terra, 2003, Premio 2004 da Crítica Galicia) e *Melodía de días usados* (Galaxia, 2005). A súa escrita da vida cotiá, fresca e imaxinativa, empata moi ben coa dedicación como guionista de cómic e de curtametraxes, así como dunhas cantas cousas máis, entre as que destaca o seu labor como documentalista e tradutora. Estamos, pois, diante dunha profesional da cultura, por máis que a ela coido que non lle gustará esta definición que improviso a bote pronto. Pero así se me antolla.

A novela con que gañou o premio titúlase (non sei se definitivamente) *Así nacen as baleas*, e asistiu á convocatoria de Repsol baixo o exótico lema de Zeewena, que nos leva aos haikai de Basho e de Maruyeme, poeta, este último, do século XVII xaponés que parece empezar a ser coñecido entre nós. Vai ser editada por Galaxia antes de que remate este ano. Cando saia o libro e estea circulando entre o público lector será o momento de entrar a analízalo. Tiven a tentación de facelo hoxe mesmo pero non é recomendábel, por varias razóns: en primeiro lugar, este analista, a día de hoxe, xogaríase con vantaxe, pois só el e os seus compañeiros de xuri tiveron acceso ao texto. En segundo lugar, porque a autora aínda pode volver sobre el antes de iniciarse o proceso de impresión e variar aquilo que coide oportuno someter a revisión. E nese proceso, mesmo sen deturpar os valores polos que foi premiada a novela, pode ser que decida cambiar algunhas cousas que deixarían quedar en ridículo a quen se adiantase a falar antes de tempo. Porque un libro non ten existencia antes de estar rematado o proceso editorial e de ser preparado para chegar ao público consumidor nas mellores condicións de persuasión posíbeis, nos máis mínimos detalles



para provocar a adquisición por parte do comprador, con todo o que iso supón, pois dende o tipo de papel e a tipografía que se elixa, mesmo tamén para o nome da autora na cuberta, até os textos presentativos que se dispoñen nas lapelas (nas *orellhas*, como gostan dicir os portugueses) e na contracuberta, pasando polo título que definitivamente leve, pola ilustración que se escolla e por outros *paratextos* de que pode botar man a empresa editora ou a propia Anxos Sumai, todo pode contribuír a valorar e difundir o produto final unha vez rematado e listo para distribuír.

Polo tanto, a este cronista non se lle abre outro camiño que o de recomendar aos meus lectores estar expectantes, alá para o mes de decembro, porque paga a pena o texto premiado, e dar os parabéns publicamente a Anxos Sumai, desexándolle todo tipo de éxitos, tanto para esta súa primeira novela como para todo o que realice na súa actividade artística, en xeral, e literaria, en particular.

Anxo Tarrío Varela

ENTREVISTA: ANXOS SUMAI Escritora **"Interésame poñer en evidencia as clasificacións sociais tradicionais"**

A Asociación Galega de Editores decidiu, por votación entre os socios, outorgarlle a Anxos Sumai a distinción á Autora do Ano. Aínda que agradece os premios, Sumai non se sente cómoda "coa parte pública da literatura".

Para Anxos Sumai (Catoira, 1960), "na literatura galega hai o mesmo refugallo e a mesma marabilla que nas literaturas portuguesa, castelá ou catalá". A escritora non evita desdramatizar algunhas opinións emitidas nos últimos tempos: "E tamén hai os mesmos problemas, promociónase moito unha obra mediocre e hai xoias literarias que pasan desapercibidas; problemas que se comparten con outros sistemas, non son exclusivos".

Cun medo confeso pola "parte pública" da súa dedicación á literatura, Sumai concibe a escrita como liberación persoal. Logo de publicar os híbridos *Anxos de garda* (2003) e *Melodía de días usados* (2005), nos que cruza realidade, ficción, prosa poética e narración, a editorial Galaxia vén de poñer na rúa a súa primeira novela *Así nacen as baleas*, premio Repsol-YPF de narrativa curta. *Así nacen...* enfrontase á concepción convencional da "familia monógama" como centro das sociedades occidentais a través dunha galería de personaxes externos á normalidade. Durante o primeiro trimestre de 2008 aparecerá *Perigosa normalidade*, unha escolma das súas colaboracións xornalísticas para a Radio Galega e o portal web *Culturagalega.org*.



Por que decidiu atacar a idea normal de familia?

Hai dous anos que comecei a interesarme por analizar a familia monógama e tentar destripala un pouco. Porque non comparto esa idea de que a familia sexa a forma perfecta de relación para que a sociedade funcione: detrás hai cousas terroríficas, situacións de infelicidade, de maltrato. O que pretendín neste libro foi amosar a outra face da familia, o aspecto violento, e as diferentes posibilidades de fuxida que existen.

Escribiu *Así nacen as baleas* con vontade de intervención sobre o real?

Xa non creo en que as palabras poidan cambiar o mundo, paréceme demasiado pretencioso. E a miña intención ao escribir o libro tampouco foi cambiar nin criticar nada. Soamente quero amosar, facer o traballo de fotógrafo. Porque, como antes que escritora son lectora, considero que todos os lectores son xente intelixente que teñen a capacidade de chegar ás súas propias conclusións. Eu expoño e que cada lector, co seu punto de vista, tire as súas propias conclusións. Amais, iso é o bonito da literatura, a relación entre escritor e lector.

Un libro que abandona ao seu autor e faise propiedade do lector.

E que eu realmente abandono o libro unha vez que está escrito. Nunca releo os meus libros. Xa están fóra e pasan a outras mans, a outro proceso creativo como é a lectura.



Non existe o risco de caer no sensacionalismo á hora de narrar acontecementos e escenas tan duras como as deste libro?

Pero eu non quero amosar o violento con toda a evidencia, non quero ser pornográfica. As palabras sérveme para transformar unha escena terriblemente desagradábel nalgo fermoso. O doado sería escribir a violencia dende a linguaxe descarnada, mais o que me interesa é ese proceso de transformación a través das palabras.

As baleas do título remiten ao poemario de Luísa Castro [*Baleas e baleas*, de 1986], como unha declaración de independencia?

Encántame a poesía de Luísa Castro, pero ese libro aínda non o lin. A metáfora da baleas naceu do proceso de evolución dun personaxe, Ramón [discapacitado mental], que interpretaba pasar horas na bañeira como unha salvación persoal no ambiente familiar opresivo. E aínda que a imaxe procede de min como escritora, non sei de onde xorde. Paul Auster dicía nunha entrevista, que me gustou moito, que lle nacían as historias nalgún punto do cerebro, pero que el non se preocupaba de facer unha psicanálise para coñecer a súa procedencia. Iso si, durante moitos meses acompañei a escrita coas voces das baleas que atopei en Internet.

A novela, a través dos seus personaxes, presta atención a grupos sociais ou relacións interpersoais non hexemónicos.

Eu observo moito e quero mostrar esas outras formas de vida que existen. Na miña literatura nunca aparecen heroes e, por outra banda, procuro e interésame poñer en evidencia as clasificacións sociais tradicionais, as estruturas pechadas de parentesco e mesmo as imposicións de identidade sexual. Os personaxes de *Así nacen...* axúdanme a iso.

Os seus personaxes chegan a adquirir vida propia?

Eu déixolles moita liberdade aos personaxes, para que vaian medrando, pero non os teño descontrolados [risos]. Con todo, é bonita esa sensación de que comezan a tomar vida pola súa conta, comezan a sorprender... Aínda que detrás vou estar eu, a miña experiencia na vida, malia a que esta novela non sexa en absoluto autobiográfica.

É posíbel esa liberación persoal que procura *Así nacen...* sen unha liberación colectiva?

Eu creo nesa liberación individual, non nos grandes discursos de liberación das masas. Pero considero que dende un cambio de mentalidade individual pódense provocar cambios na mentalidade da sociedade. E así actúan na novela, cada un toma a súa decisión e deixa á marxe todo o demais.

Os seus libros anteriores practican un xénero pouco frecuentado na literatura galega, o diario.

A min tamén me sorprende, porque nunca escribín diarios nin fun lectora de diarios. Foi unha decisión, a do xénero, que tomei xunta o produtor de *Culturagalega.org* [onde se publicaron parte dos textos recollidos en *Anxos de garda* e *Melodía de días usados*], Santi Montes. Mais asumino axiña, porque se trata dun xénero flexíbel que me permite facer opinión e literatura a un tempo, ou meter o poema dun autor que me interesa. Ademais, de súpeto o diario permitíame xogar cun tema que me apaixona literariamente, os límites entre a ficción e a realidade, o que chamo ficción autobiográfico.

Tampouco deixa nidia a liña entre prosa e poesía.

Non creo nas convencións xenéricas da literatura e leo moita poesía. E, porén, aínda que xero recursos poéticos e utilízoos na narración, sería incapaz de escribir un poema. Ou, se o escribise, sería un poema narrativo [ri].

Considera a existencia dunha especificidade feminina ou masculina na escrita?

Respecto ás autoras ou autores que utilizan esa marca feminista ou feminina, pero a medida que entremos máis mulleres na literatura tamén se irán espallando os xeitos de narrar, os temas serán distintos... Agora leo literatura africana de muller e, por exemplo, nunha novela de Agnès Agboton, que naceu en 1960, coma min, e que transcorre no seu país, Benín, cóntanme a miña vida na aldea. Se atopo esa semellanza cunha muller africana, tamén a vou atopar cunha muller de aquí. É máis lóxico que unha muller escriba sobre un cancro de ovários que sobre un cancro de próstata. Aínda que despois as propostas literarias sexan totalmente distintas e eu sintame máis cercana a Xesús Constenla ou a outros escritores.




Anxos Sumai: "Aos autores fáltanos autocrítica" Gañadora do II Premio de Narrativa Breve Repsol YPF coa obra "Así nacen as baleas"

"O único que podo dicir é que esta novela me deixou moita alegría", asegurou onte Anxos Sumai tras coñecer que era a gañadora do Premio de Narrativa Breve Repsol YPF coa obra *Así nacen as baleas*. Así e todo, recoñece que "cada quen ten a súa dose de masoquismo" e a ela, ás veces, tamén lle doe "moito a escrita", para Anxos Sumai (Catoira, 1960) a Literatura é sobre todo "gozosa".

Así nacen as baleas naceu dunha imaxe concreta, case obsesiva: un neno gordo que acaba de comer e queda durmido na súa cadeira. "Esa imaxe, perseguíume durante semanas e non me quedou outro remedio que poñerme a escribir. A partir dese elemento central construí toda a trama".

Dese vórtice, apareceron o resto dos personaxes: a nena narradora, a nai, un bebé que come parafusos e un pai embarcado en alta mar. É unha narración sobre a memoria, pero "memoria individual e persoal", puntualiza, en oposición á "memoria colectiva tan de moda estes últimos anos".

Así nacen as baleas é todo menos premeditada e, de feito, "naceu sen planificación, como me ocorre cando escribo relatos. Neste caso, porén, ocorreu algo distinto: a historia empezou a medrar e cada vez necesitaba máis espazo". A cidade mexicana de La Paz, na Baixa California, e outra cidade indeterminada conforman a paisaxe xeográfica dunha obra onde estas ausencias nominais -o personaxe feminino principal tampouco ten nome- buscan, segundo a autora, "a identificación do lector".



No título, a novela engástase a unha liñaxe que arrinca a finais dos anos oitenta e que ten nas baleas un dos seus sinais de identidade. Precisamente, Helena González titulou *A tribo das baleas* a súa antoloxía de poetas finiseculares galegos, ámbito xeracional ao que Sumai pertence. "Eu nunca vin unha balea", asegura, "pero nas historias das rías, a miña terra, aínda se segue falando de baleas. Debe ser o peixe de maior beleza: é tan grande, fermoso e líquido...".

A balea sèrvelle de metáfora do rapaz que come e se bota a durmir, un personaxe que ela identifica cos "tolos de todas as aldeas" e que aparece caracterizado pola "beleza e a liberdade". A partir de aí, a escritora constrúe unha alegoría de "como a beleza pode afogarte: é tan grande que ninguén sabe o que facer con el". Na súa opinión, nacemos "condicionados polo que se espera de nós. Algunhas persoas conseguen rebelarse e outros acéptano. Aquí, quen se rebela é a muller, a nena, e quen acepta é o neno. Iso si, co escape de soñar coas baleas".

Desprenderse dos prexuízos persoais e domésticos

Sobre o feito de que a obra se impuxera nun xurado de homes -unha cuestión salientada pola secretaria xeral de [Política Lingüística](#), Marisol López, cando se fixo público o galardón-, Anxos Sumai bota a rir. "Se quixese torturarme", conclúe ao último do riso, "podería pensar que, ao mellor, eses homes buscaban precisamente unha muller, porque xa se sabe que son as que mellor venden. Pero no fondo, aínda deixando patente o meu escepticismo cos premios, espero que a miña obra fose a mellor".

Pertencente a un grupo emerxente de escritoras, nun plano onde ela mesma se coloca con Teresa Moure, Rosa Aneiros, Inma López Silva ou Lupe Gómez, Anxos Sumai considera que o feito desa "emerxencia" é "absolutamente normal": dáse en todas as artes e en toda a sociedade. Non obstante, nese grupo heteroxéneo, ela é a de maior idade e que debeu desprenderse -confesa- dos seus "prexuízos domésticos e persoais" para dedicarse á literatura. Ese proceso de descompresión é, talvez, a razón de que se iniciase na escrita pública máis alá dos trinta anos e nas marxes periféricas, cun dos blogs máis celebrados dos últimos anos en Galicia e dous libros -un deles nacido primeiro no *hipersespazo*- con formato de diario.

Documentalista, tradutora e colaboradora en diversos medios de comunicación, Sumai opina que o momento de confusión arredor da Literatura galega se debe, en grande parte, á rapidez con que a sociedade de consumo galdupra os produtos culturais, non só no panorama editorial senón tamén na



Tertulias Literarias 2008/2009

televisión ou na plástica. "Vivimos como se o publicado hai dous anos non existise, como se estivese nacemento -en palabras de Borrazás- un *Ullises* cada ano. Publícase moito e iso é bo para os lectores, porque temos máis onde escoller, pero a oferta é imposible de apreixar. Non hai ningún asesoramento fiable para movernos nesa xungla. Os críticos veñen dicir que todas as obras son estupendas, as editoriais non esixen niveis de calidade e aos autores fáltanos autocritica".

Fontes:

<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor272>

http://www.editorialgalaxia.es/autores/autor.php?id_autor=703

<http://www.prazadasletras.org/actualidade/novas/nova/453/a-novela-de-anxos-sumai-presenta-problemas-duros-de-forma-inocua>

http://www.galicia-hoxe.com/index_2.php?idMenu=149&idNoticiaOpinion=208525

http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Interesame/poner/evidencia/as/clasificacions/sociais/tradicionais/elpep/iautgal/20071221elpgal_21/Tes/

<http://www.cxg.org/linguadeamor/noticia.php?idnoticia=363&PHPSESSID=757442d53ac692505c2d95a628fbf7e7>